



## Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

# Validacións de módulos profesionais de ciclos formativos

Segundo o establecido na disposición 4.9 da Resolución do 4 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2016/17 (DOG do 18 de agosto), en relación coas solicitudes de validacións de módulos profesionais de ciclos formativos de FP, cuxa resolución é competencia Subdirección Xeral de Orientación e Formación Profesional do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, o centro educativo tramitará o antes posible a solicitude de validación e a documentación achegada polo alumnado, logo da súa revisión e verificación, utilizando a sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (<https://sede.educacion.gob.es>).

A información sobre o procedemento que compre utilizar na tramitación destas validacións está dispoñible no enderezo <http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/050210/ficha/050210.html>. É importante que teña en conta as instrucións de tramitación de solicitudes a través da sede electrónica, que se poden descargar nesta mesma páxina, no apartado de Requisitos, dentro da epígrafe de Información xeral (guía adxunta, formato PDF).

As consultas sobre o procedemento poden realizarse polos medios establecidos no apartado Contacto da páxina web anterior.

De ter algunha dúbida, deberase poñer en contacto co Servizo de Ordenación e Formación Profesional da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, neste mesmo correo ou no teléfono 981546535.

Atentamente,

O Servizo de Ordenación e Formación Profesional